




## Bush e Chávez

### Descrición



O acordo do etanol co presidente Lula da Silva é un apóndice da importancia que Brasil ten para o mercado estadounidense e a necesidade de diminuír a dependencia enerxética norteamericana de Venezuela e Oriente Medio. Pero as protestas sobre a aplicación destes acordos sobre o etanol poden complicar a situación política e social a Lula, toda vez que o MST e Vãa Campesiãxa xa denunciaron a explotación social e agraria desta nova enerxía. (Foto: Bush e Lula fãndense nunha aberta durante a rolda de prensa o 9 de marzo).



O  
acto  
popular  
en  
Bos  
Aires  
descifra  
a  
verdadeira  
estratexia  
de  
ChÃ¡vez,  
baseada  
na  
inclusiÃ³n  
dos  
movementos  
sociais  
e  
populares  
dentro  
dunha  
plataforma  
polÃtica  
continental  
que  
supere  
aos  
actuais  
governos  
e  
que  
lles  
permita  
ampliar  
os  
espazos  
de  
participaciÃ³n  
no  
poder.  
Neste  
sentido,  
a  
estratexia  
de  
ChÃ¡vez  
non  
destila  
desesperaciÃ³n  
xeopolÃtica,  
senÃ³n  
que  
semella  
deseÃ±ada  
a  
medio  
e  
longo  
prazo.  
(Foto:  
Hugo  
ChÃ¡vez  
no  
acto  
celebrado  
no  
estadio  
bonaerense  
de  
Ferro,  
ante

Estance a conformar novos eidos xeopolíticos en América Latina. As recentes xiras de George W. Bush e Hugo Chávez polo centro e o sur do continente confirman dúas visións e modelos que probablemente consolidarán unha nova balanza do poder latinoamericano para os próximos anos.

Resultará notorio o balance que ambos mandatarios realizarán ao final das súas respectivas xiras. Bush tentou redescubrir un continente afastado da súa atención desde que chegou á presidencia por vez primeira, en xaneiro de 2001. Chávez exerceu unha variante máis popular e social, cun discurso que tentou definir as bases dunha nova integración continental e asentar o seu liderado rexional.

Pero a Bush lle esperan dous anos complicados ata o final do seu mandato en xaneiro de 2009. O control do Partido Democrata no Congreso e o Senado dificultarán varios dos proxectos de lei que os republicanos esperan aprobar pola vía do *fast track*. Son proxectos relacionados coa aplicación continental do ALCA, a renovación temporal ata o 2014 do Plan Colombia e a aposta polo etanol como enerxía alternativa, dentro dun delicado panorama político para o seu goberno e o seu partido de cara ás eleccións de 2008.

Tampouco a conxuntura exterior favorece completamente a Bush. Entrampado en Iraq e Afganistán, illado dentro da súa estratexia unilateral que permitiu a Washington conseguir unha inóclita perda de credibilidade e influencia globais aumentada pola escandalosa estratexia antiterrorista en materia de dereitos humanos, esta repentina aposta latinoamericana de Bush semella un fantoma de certa desesperación.

Mentres viaxaba por América, en Bagdad, o goberno iraquí e os representantes estadounidenses debían recorrer aos seus inimigos de Irán e Siria para atopar as vías de estabilización política que Bush negouse a aplicar no pasado recente. E en Washington se confirmaba un escándalo político, o Plamegate, que involucra directamente ao seu vicepresidente Dick Cheney.

Tampouco resulta crible a oferta social de Bush, defendida en Brasil, Uruguai, Colombia, Guatemala e México, cando o significado da súa xira se centrou na necesidade de reforzar eidos xeopolíticos que permitiran conter non só a Chávez senón a novos liderados e movementos sociais alternativos e opostos ás políticas de Washington.

O acordo do etanol co presidente Lula da Silva unha evidencia da importancia que Brasil ten para o mercado estadounidense e da necesidade de diminuír a dependencia enerxética norteamericana de Venezuela e Oriente Medio. Pero as protestas respecto á aplicación destes acordos sobre o etanol poden complicar a situación política e social a Lula, toda vez que o MST e a Campesina xa denunciaron a explotación social e agraria desta nova enerxía.

O resultado favorable máis visible para Bush estivo en Bogotá, co presidente colombiano Álvaro Uribe Vélez, para quen a visita do mandatario norteamericano e o seu frontal apoio á renovación do Plan Colombia servíronlle de respaldo político nun delicado momento, con deputados do seu partido acusados de ter vínculos con grupos paramilitares.

Resultados diferentes pode detraer Chávez da súa denominada *contraxira* que o levou por Arxentina, Bolivia, Nicaragua e dúas illas caribeñas. Con Arxentina existen importantes acordos enerxéticos que buscarán incluír ao goberno de Néstor Kirchner (que busca a reelección este ano) dentro dun eixe interno en MERCOSUR que permita a Caracas conter a Brasil e Uruguai, aparentes aliados económicos de Washington.

O acto popular en Bos Aires desvela a verdadeira estratexia de Chávez, baseada na inclusión dos movementos sociais e populares dentro dunha plataforma política continental que supere aos actuais gobernos e que lles permita ampliar os espazos de participación no poder. Neste sentido, a estratexia de Chávez non destila desesperación xeopolítica, senón que semella deseñada a medio e longo prazo.

Bolivia e Nicaragua son dous socios políticos e enerxéticos de importancia para Caracas, incluíndo a Ecuador dentro dunha estratexia andina destinada a conter a ampliación rexional do Plan Colombia. Se Bush visitou Guatemala, onde a indixenista Rigoberta Menchú pode alcanzar a presidencia nas eleccións deste ano, a estratexia *chavista* tamén visualiza unha Centroamérica afastada do ALCA e dos plans de Washington, coa Nicaragua sandinista de Daniel Ortega como vértice xeopolítico.

Pouco antes das sesións respectivas xiras, Chávez acusou á CIA de aplicar plans de magnicidio na súa contra (a semana pasada foron detidos en Caracas tres militares presuntamente acusados de conspirar contra o presidente Chávez), mentres Washington criticaba a Caracas pola súa "escasa cooperación na loita antidroga, ante o derradeiro informe da ONU sobre a represión do narcotráfico.

Con este panorama, o camiño está formulado para deseñar unha nova realidade continental que permita dirimir este inánsito choque de poderes. Se ben Bush coidou de obviar a Chávez, este fixo do mandatario estadounidense a base da súa "contraxira". Pero o pulso político non será eterno temporalmente: Bush xa non estará no 2009, pero Chávez ten por diante aínda varios anos no poder. O tempo determinará cara onde xira América Latina.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## **APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS**

América Latina ARCHIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **Fecha de creación**

13 de marzo de 2007

### **Campos meta**

**Autoría :** 3713

**Datapublicación :** 2007-03-13 00:00:00